



## Concello de Xermade

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 19/11/2025, acordou, entre outros, o seguinte:

#### **“Solicitud de participación no certame de poesía infantil “Nadal 2025”. Expte. 838/2025.**

Visto o certame de poesía infantil “Nadal 2025”, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Respecto da adhesión na fase local, as bases literalmente din:

#### **“CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2025”**

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE XERMADE, convoca o CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2025” (Fase local), de acordo coas seguintes BASES:

Participantes: pode participar calquera neno ou nena, rapaz ou rapaza ata os 16 anos.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B, de 9 a 11 anos; e C, de 12 a 16 anos.

Tema: o Nadal.

Língua: os poemas estarán redactados en galego.

Extensión: terán unha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Poderán presentarse escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis.

Identificación dos autores: cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexe con cadansúa folla de datos cumprimentada en letra maiúscula lexible. Os datos identificadores irán nesta folla de datos, nunca no traballo presentado.

Prazos: O prazo de presentación rematará o 19 de decembro de 2025 debendo ser entregados na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

Xurado: un xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará para cada categoría os traballos gañadores. Os autores premiados recibirán un DIPLOMA ACREDITATIVO E LOTE DE LIBROS.

Fallo: o fallo do xurado local farase público no mes de xaneiro do 2026.

Fase provincial: Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Propiedade dos traballos: os traballos premiados serán propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

A Biblioteca publicará cada ano un libriño conmemorativo que recollerá os traballos premiados o ano anterior.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

A presentación de obras a este certame supón a aceptación das presentes bases”

Sendo de interese para a biblioteca municipal de Xermade participar neste certame, tal como ven facendo nos últimos anos.





## Concello de Xermade

Consta proposta de gasto para a adquisición de lotes de libros, por importe de 225,00 euros, así como documento contable de retención de crédito nº 3293 na aplicación orzamentaria 321 48 do exercicio 2025.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 2023-0286 (BOP nº 157 do 10/07/2023), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Solicitar a participación da biblioteca municipal de Xermade no certame de poesía infantil "Nadal 2025" convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Segundo.- Designar como membros do xurado as seguintes persoas:

-Presidenta: Dona Nélica Coira Pena, concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadá do Concello de Xermade

-Vogais:

1º Dona Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade

2º Don Rubén López Eiras, director do CEIP de Xermade

3º Dona Sandra de Bernardo Eimil, concelleira do Partido Popular de Xermade

-Secretario: Don Marcos Saavedra Blanco, auxiliar de biblioteca do Concello de Xermade

Terceiro.- A inscrición realizarase cubrindo a seguinte folla de datos persoais:

### " FOLLA DE DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

Idade:

Enderezo:

Centro de estudos:

Curso:

Teléfono de contacto:

PERSOA RESPONSABLE

Nome e apelidos:

Documento de identidade:

AUTORIZANDO

ao Concello de Xermade, con CIF P2702100E, a consultar as débedas ou liquidacións pendentes con este Concello, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Xermade, \_\_\_\_\_ de 2025"

Xermade, na data da sinatura dixital."

*\*NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua*





## Concello de Xermade

---

*cooficial.*

Xermade, 20 de novembro de 2025.  
Asdo. Roberto García Pernas, Alcalde-Presidente.

